

Joan Robinson



1920' National Portrait Gallery, London

Joan Violet Robinson (Camberly, Inglaterra, 1903- 1983) graduou-se en Economía en 1925 no Girton College (Cambridge). Profesora na University of Cambridge dende 1931, convertiu-se catedrática en 1965. Entrou na *British Academy* (1958) e na *American Academy of Arts and Sciences* (1964), e foi a primeira muller que recibiu o *Honorary Fellow* no King's College en 1979. Foi candidate a recibir o Premio Nobel de Economía en 1975.

Joan Robinson pertenceu ao “*Cambridge Circus*,” un grupo de xoves economistas que discutían con J.M. Keynes as súas ideas novedosas, as cales foron publicadas na obra “*The General Theory of Employment, Interest and Money*” (1936). Joan convertiu-se nun dos líderes da Escola Post-Keynesiana, e debatiu nos anos 70s con R. Solow e P.A. Samuelson sobre a natureza e o papel dos bens de capital (a coñecida *controversia do capital de Cambridge*).

Robinson constitúe o paradigma da economista heterodoxa. As súas principais contribucións refírense á competencia imperfecta (*The Economics of Imperfect Competition*, 1933), os fundamentos económicos na obra de Karl Marx (*Essay on Marxist Economics*, 1942), e o papel do capital no crecemento (*The Accumulation of Capital*, 1956).

*“Iste libro presenta-se ás economistas analíticas como unha caixa de ferramentas. É un ensaio sobre as técnicas da análise económica, e pode constituir unha contribución indirecta ao noso coñecemento do mundo actual”**

* *The Economics of Imperfect Competition*. London: Macmillan, 1933